



**ASOCIACIÓN DE
CONSTRUCTORES
DE PONTEVEDRA**

COMUNICADO

ASUNTO: REVISION TABLAS SALARIALES, APORTACIONES PLAN DE PENSIONES Y OTROS.

La comisión negociadora del Convenio Colectivo Provincial de Pontevedra ha aprobado por unanimidad, en el día de hoy, los siguientes puntos.

1. Actualización de las tablas salariales correspondientes a los años 2025-2026.
2. Actualización de las aportaciones al plan de pensiones para los años 2025-2026.
3. Incremento de las cuantías por desgaste de herramientas (art. 27 CC Provincial), ropa de trabajo (art. 28 CC Provincial) y ayudas por coste de desplazamiento (art. 29 CC Provincial)..
4. Ampliación de la jornada de verano (art. 35 CC Provincial).

Se une al presente comunicado el contenido de los acuerdos.

Actualización taboas salariais

De conformidade co disposto no artigo 55 do VII Convenio Colectivo Xeral Do Sector Da Construción, modificado polo acordo da Comisión Negociadora do VII do Convenio Xeral do Sector da Construción en data 4 de novembro do 2025, as táboas salariais do ano 2024 incrementaranse nun 0,4%, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2025 e sen efectos retroactivos, servindo de base para a actualización das táboas para o ano 2025.

Fixase o incremento salarial para o ano 2025 nun 3,5% con efectos dende o día 1 de xaneiro do ano 2025.

Fixase o incremento salarial para o ano 2026 nun 3% con efectos desde o día 1 de xaneiro do ano 2026.

De acordo con tal incremento, redáctanse as táboas que figuran o **Anexo I**.

ASOCIACION DE CONSTRUCTORES DE PONTEVEDRA. CIF G-27851930.

Avda Garcia Barbon, nº 104. 36201-Vigo (Pontevedra). Telefono: (+34)986176623.

Mail: gerencia@acpontevedra.com. www.acpontevedra.com

Cláusula de garantía salarial 2025-2026.

De conformidade co artigo 55 do VII Convenio Xeral do Sector da Construción acordo, establecece una cláusula de garantía salarial, de maneira que si a suma da taxa anual do índice de prezos ao consumo (IPC) xeral dos meses de decembro dos anos 2025 e 2026, publicado polo Instituto Nacional de Estadística situarase nun nivel superior ao 7,25%, e sempre cun máximo dun 9,25%, incrementaranse con efectos do 1 de xaneiro de 2027 as táboas salariais do ano 2026, sen efectos retroactivos, de maneira que o 50,0% de ese exceso ira nun 50,0% a incremento das táboas salariais e o outro 50,0% a contribución ao plan de pensións das persoas traballadoras en alta na empresa a dicha data de 1 de xaneiro de 2027; a contribución ao plan de pensións levarase a cabo nos termos e condicións que se determinen no Libro Terceiro ao que se refire o artigo 56 do VII Convenio Xeral da Construción e para aquelas persoas partícipes que se definan no mesmo,

Contribucións plan de pensións 2025 2026

Asemade, fíxanse as seguintes contribucións ó plan de pensións para adaptar o convenio provincial o disposto o artigo 56 do convenio sectorial:

- En 2025, unha vez aplicado o incremento do 0,4% a os conceptos salariais das táboas de 2024 incrementarase adicionalmente outro 0,5%, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2025, se a persoa traballadora prestase servizos durante todo o ano 2025 a tempo completo ou, na súa falta, da parte proporcional correspondente.
- En 2026, dun 0,25% do importe dos conceptos salariais das táboas do ano 2025, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2026, se a persoa traballadora prestase servizos durante todo o ano 2026 a tempo completo ou, na súa falta, da parte proporcional correspondente.

As contribucións resultantes son as que se reflicten na táboa que se acompaña como **Anexo II**.

PLUS CONVENIO 2025-2026 (EN 12 PAGAS)

Establécese para o ano 2025 o seguinte plus anual pagadoiro en 12 pagas.

NIVEIS	IMPORTE ANUAL	IMPORTE MENSUAL
II	453,64 €	37,80 €
III-IV	361,74 €	30,14 €
V	336,47 €	28,04 €
VI	323,61 €	26,97 €
VII	318,62 €	26,55 €

ASOCIACION DE CONSTRUCTORES DE PONTEVEDRA. CIF G-27851930.

Avda Garcia Barbon, nº 104. 36201-Vigo (Pontevedra). Telefono: (+34)986176623.

Mail: gerencia@acpontevedra.com. www.acpontevedra.com

VIII	315,28 €	26,32 €
IX	307,62 €	25,63 €
X	299,16 €	24,93 €
XI-XII	293,03 €	24,42 €

Establécese para o ano 2026 o seguinte plus anual pagadoiro en 12 pagas.

NIVEIS	IMPORTE ANUAL	IMPORTE MENSUAL
II	468,38 €	39,03 €
III-IV	373,50 €	31,12 €
V	347,41 €	28,95 €
VI	334,13 €	27,84 €
VII	328,97 €	27,41 €
VIII	326,12 €	27,18 €
IX	317,62 €	26,47 €
X	308,88 €	25,74 €
XI-XII	302,55 €	25,21 €

O plus convenio rexeráse con carácter xeral polo artigo 50.2 do sétimo acordo xeral do sector da construción estatal, en todo caso, este concepto salarial manterase e actualízase na mesma contía que o resto dos conceptos salariais.

Artigo 27º.- DESGASTE DE FERRAMENTAS

As empresas comprométese a facilitarlle aos traballadores as ferramentas de man necesarias para a realización do seu traballo.

Se o traballador observa demora na entrega das mesmas reclamaraas.

O tempo de espera para a recepción das ferramentas reclamadas será considerado como tempo de traballo efectivo.

O traballador, que de acordo co empresario, aporte ferramentas da súa propiedade, terá dereito a percibir por cada día de traballo efectivo en concepto de desgaste das mesmas a cantidade para o ano 2026 de 0,79 €.

Artigo 28º.- ROUPA DE TRABAJO

A empresa deberá entregar ao persoal a roupa de traballo, axeitada a súa actividade, consistente nunha chaqueta e un pantalón ou buzo, podendo figurar letreiros e calzado axeitado á actividade a desenvolver en cada momento, cada seis meses.

Os traballadores devolverán a roupa vella ao causar baixa na empresa. De non facelo, a empresa poderá desconta-lo 50% do importe correspondente ao equipo da súa última entrega.

ASOCIACION DE CONSTRUCTORES DE PONTEVEDRA. CIF G-27851930.

Avda Garcia Barbon, nº 104. 36201-Vigo (Pontevedra). Telefono: (+34)986176623.

Mail: gerencia@acpontevedra.com. www.acpontevedra.com

A empresa queda obrigada a facilitar a tódolos traballadores contratados ditas prendas dende o momento da súa contratación.

Por cada xogo non entregado no prazo sinalado o traballador poderá reclamar da empresa para os anos 2025 a cantidade de 39,10 €.

Entregaranse tamén aqueles elementos que esixe a lexislación vixente.

Artigo 29º.- AXUDAS DE CUSTO POR DESPRAZAMENTO

1. A axuda de custo é un concepto extra salarial de natureza indemnizadora ou compensatoria e de carácter irregular, que ten coma finalidade o resarcimento ou compensación dos gastos de manutención e aloxamento do traballador ocasionados como consecuencia da situación de desprazamento.

2. O traballador percibirá axuda de custo completa, cando, como consecuencia do desprazamento non poida durmir na súa residencia habitual. Farase efectiva sempre por día natural.

3. Cando o empresario organice e costee a manutención e aloxamento do persoal desprazado, sempre que reúna as condicións esixíbeis e suficientes, só satisfará o 20% da axuda de custo completa.

4. Pagarase media axuda de custo cando, como consecuencia do desprazamento o traballador afectado teña necesidade de realiza-la comida fóra da súa residencia habitual, non lle fose subministrada pola empresa e poida durmir na citada residencia. A media axuda de custo farase efectiva por día efectivo traballado.

5. As axudas de custo ou medias axudas de custo percibiranse sempre con independencia da retribución do traballador e nas mesmas datas que esta; pero nos desprazamentos de máis dunha semana de duración, aquel poderá solicitar anticipos quincenais a conta, e a xustificar sobre as mencionadas axudas de custo.

6. A axuda de custo completa non se pagará nos casos de suspensión legal do contrato de traballo, salvo nos casos de incapacidade temporal, nos que a empresa manteña o desprazamento.

7. A contía das axudas de custo para o ano 2025-2026, será a seguinte:

- Axuda de custo completa : 48,00 €

- Media axuda de custo : 13,50 €

Se por circunstancias especiais os gastos orixinados superasen o importe das axudas de custo, o exceso deberá ser pagado pola empresa, previo coñecemento da mesma e posterior xustificación do traballador.

Artigo 35º.- XORNADA

1. A xornada ordinaria anual durante a vixencia do presente convenio será de 1.736 horas.

2. A xornada ordinaria semanal será de 40 horas de luns a venres durante toda a vixencia do presente convenio.

3. Os traballadores teñen dereito a un paro de 15 minutos durante a mañá para tomalo bocadillo segundo as necesidades do servizo.

ASOCIACION DE CONSTRUCTORES DE PONTEVEDRA. CIF G-27851930.

Avda Garcia Barbon, nº 104. 36201-Vigo (Pontevedra). Telefono: (+34)986176623.

Mail: gerencia@acpontevedra.com. www.acpontevedra.com

4. Tendo en conta as condicións meteorolóxicas e as necesidades das distintas actividades do sector, poderíase pactar nas empresas, a distribución variábel da xornada máxima anual sen que en ningún caso se poidan superar as nove horas diarias, nin as corenta horas semanais de traballo efectivo

5. En cada centro de traballo a empresa expoñerá en lugar visible o calendario laboral pactado a nivel de convenio ou o pactado o propio centro de traballo.

6. Xornada de verán: Dende o 1 de Xuño até o 31 de agosto realizarase xornada intensiva desde as 7:00 horas até as 15:00 horas. Se por causa xustificada administrativa houberse que atrasar o inicio de xornada, en ningún caso será despois das 8:00 horas.

Os 15 minutos de parada para o bocadillo serán considerados como tempo efectivo de traballo.

A xornada de verán so se deixará de aplicar por causas obxectivas, organizativas ou produtivas, e sempre de acordo cos representantes dos traballadores ou, no caso de non existir, coa maioría dos traballadores.

ANEXO I: TABOAS SALARIAIS

TABOA SALARIAL 2025

NIVEIS	CATEGORIAS	SALARIO BASE 14 PAGAS IGUAIS	PLUS EXTRASALARIAL DIA MES		TOTAL ANUAL	HORA EXTRA-SEN COMPLEMENTOS
II	Titulado Superior	2.290,63	5,96	117,65	33.364,17	26,53
III IV	Titulado Medio, Xefe Admvo. 1ª, Xefe Secc. Org. 1ª Encargado Xeral, Xefe de Persoal, Axudante de Obra, Encargado Xeral de Fabrica.i	1.804,44	5,96	117,65	26.557,40	20,95
V	Encargado Xeral de obra, Xefe Administrativo de 2ª, Delineante Superior, Xefe de Sección de Organización Científica do traballo de 2ª, Xefe de Compras	1.671,58	5,96	117,65	24.697,57	19,38
VI	Delineante de 1ª, Xefe ou Encargado de Taller, Encargado de Sección de Laboratorio, Escultor de Pedra e Mármore, Práctico de Topografía de 1ª, Técnico de Organización de 1ª	1.603,46	5,96	117,65	23.743,85	18,95
VII	Capataz, Delineante de 2ª, Técnico de Organización de 2ª, Práctico de Topografía de 2ª, Analista de 1ª, Viaxante, Especialista de Oficio	1.577,44	5,96	117,65	23.379,58	18,59

ASOCIACION DE CONSTRUCTORES DE PONTEVEDRA. CIF G-27851930.

Avda Garcia Barbon, nº 104. 36201-Vigo (Pontevedra). Telefono: (+34)986176623.

Mail: gerencia@acpontevedra.com. www.acpontevedra.com

VIII	Oficial de oficio de 1ª, Oficial Administrativo de 1ª, Corredor de Praza, Inspector de Control, Sinalización e Servizos, Analista de 2ª.	1.561,68	5,96	117,65	23.159,00	18,53
IX	Oicial de oficio 2ª, Oficial Administrativo de 2ª, Axudante Topográfico, Auxiliar de Organización, Vendedores, Conserxe.	1.519,59	5,96	117,65	22.569,54	18,10
X	Axudante de oficio, Auxiliar administrativo, Especialista de 1ª, Auxiliar de Laboratorio, Vixiante, Almaceneino, Enfermeiro, Cobrador, Garda-Xurado.	1.474,47	5,96	117,65	21.937,90	17,71
XI XII	Peón especializado, Especialista de 2ª. Peón ordinario, Limpador/a.	1.442,28	5,96	117,65	21.487,37	17,45
XIII	Pinches e/ ou aprendices de 16 e 17 anos, Botóns.	1.132,98	5,96	117,65	17.156,16	

TABOA SALARIAL 2026

NIVEIS	CATEGORIAS	SALARIO BASE 14 PAGAS IGUAIS	PLUS EXTRASALARIAL DIA MES		TOTAL ANUAL	HORA EXTRA-SEN COMPLEMENTOS
II	Titulado Superior	2.359,35	6,13	121,00	34.365,10	27,33
III IV	Titulado Medio, Xefe Admvo. 1ª, Xefe Secc. Org. 1ª Encargado Xeral, Xefe de Persoal, Axudante de Obra, Encargado Xeral de Fabrica.i	1.858,57	6,13	121,00	27.354,12	21,57
V	Encargado Xeral de obra, Xefe Administrativo de 2ª, Delineante Superior, Xefe de Sección de Organización Científica do traballo de 2ª, Xefe de Compras	1.721,73	6,13	121,00	25.438,50	19,96
VI	Delineante de 1ª, Xefe ou Encargado de Taller, Encargado de Sección de Laboratorio, Escultor de Pedra e Mármore, Práctico de Topografía de 1ª, Técnico de Organización de 1ª	1.651,56	6,13	121,00	24.456,17	19,52

ASOCIACION DE CONSTRUCTORES DE PONTEVEDRA. CIF G-27851930.

Avda Garcia Barbon, nº 104. 36201-Vigo (Pontevedra). Telefono: (+34)986176623.

Mail: gerencia@acpontevedra.com. www.acpontevedra.com

VII	Capataz, Delineante de 2ª, Técnico de Organización de 2ª, Práctico de Topografía de 2ª, Analista de 1ª, Viaxante, Especialista de Oficio	1.624,76	6,13	121,00	24.080,97	19,52
VIII	Oficial de oficio de 1ª, Oficial Administrativo de 1ª, Corredor de Praza, Inspector de Control, Sinalización e Servizos, Analista de 2ª.	1.608,53	6,13	121,00	23.853,77	19,15
IX	Oicial de oficio 2ª, Oficial Administrativo de 2ª, Axudante Topográfico, Auxiliar de Organización, Vendedores, Conserxe.	1.565,18	6,13	121,00	23.246,63	18,64
X	Axudante de oficio, Auxiliar administrativo, Especialista de 1ª, Auxiliar de Laboratorio, Vixiante, Almaceneino, Enfermeiro, Cobrador, Garda-Xurado.	1.518,70	6,13	121,00	22.596,04	18,24
XI XII	Peón especializado, Especialista de 2ª. Peón ordinario, Limpador/a.	1.485,55	6,13	121,00	22.131,99	17,97
XIII	Pinches e/ ou aprendices de 16 e 17 anos, Botóns.	1.166,97	6,13	121,00	17.670,84	

* Os importes reflectidos nas táboas salariais arriba expresadas son os resultantes do previsto art.55 do VII Convenio Xeral do Sector da Construción.

ANEXO II: CONTRIBUCION PLAN DE PENSIONS.

2025

Nivel	Anual	Mensual
II	650,41	54,20
III-IV	515,43	42,95
V	478,55	39,88
VI	459,66	38,31
VII	452,51	37,70

ASOCIACION DE CONSTRUCTORES DE PONTEVEDRA. CIF G-27851930.
Avda Garcia Barbon, nº 104. 36201-Vigo (Pontevedra). Telefono: (+34)986176623.
Mail: gerencia@acpontevedra.com. www.acpontevedra.com

VIII	448,04	37,34
IX	436,36	36,36
X	423,83	35,32
XI-XII	414,88	34,57
XIII	287,87	23,99

2026

Nivel	Anual	Mensual
II	731,77	60,98
III-IV	579,03	48,25
V	537,63	44,80
VI	515,63	42,97
VII	507,61	42,30
VIII	502,72	41,89
IX	489,63	40,80
X	475,38	39,62
XI-XII	464,77	38,73
XIII	322,50	26,88

Vigo a 16 de marzo de 2026.